

ANEXO III: “PLAN DE CONTIXENCIA DO IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ NO CURSO 2021-2022”

Datos do centro

Código	Denominación
27012048	IES Xograr Afonso Gómez

Enderezo		C.P.
Rúa Ánxel Fole s/n		27600
Localidade	Concello	Provincia
Sarria	Sarria	Lugo
Teléfono	Correo electrónico	
982870801	ies.xograr.afonso@edu.xunta.es	
Páxina web		
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso/		

Índice

Actuacións previas diante da aparición dun gromo	2
Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial	4
Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	8

O Plan de Continxencia do centro educativo IES Xograr Afonso Gómez de Sarria ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

1.	Actuacións previas diante da aparición dun gromo
-----------	---

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

- máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.

- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios



nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

2.

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

Atendendo á **Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da Covid-19**, no caso da suspensión da actividade lectiva adoptaranse as seguintes medidas para facer efectivo o ensino non presencial:

- **Horarios:** con carácter xeral o horario para os supostos de ensino a distancia será o mesmo que o elaborado para desenvolver en réxime de presencialidade ou semipresencialidade. O profesorado deberá conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos dez minutos antes da hora que se establece no seu cadro horario diario. O alumnado conectarase con puntualidade ou incluso antelación ao inicio de cada sesión para facer un aproveitamento completo do período lectivo.
- **Normas:** as normas que rexerán o ensino non presencial serán similares ás normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada
- **Control da asistencia:** cada docente fará un seguimento diario da asistencia.
- **Información:** o/a titor/a informará aos pais/nais ou tutores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control da faltas de asistencia e participación a través dos medios telemáticos (que fará cada profesor), e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

O Orientador do centro educativo, no horario establecido pola dirección do



centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación e realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial. Realizará as súas funcións atendendo á lexislación vixente.

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

Atención virtual do alumnado vulnerable

O alumnado vulnerable ou que conviva con familiares vulnerables, que non acode ao centro educativo como consecuencia da pandemia e se determine xustificada a súa ausencia, recibirá atención educativa virtual, segundo se establece no apartado 4 do artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021.

O alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, por presentar necesidades educativas especiais, recibirá atención educativa virtual segundo o establecido na Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Formación e información para o ensino a distancia

- A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que todo o profesorado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e coas súas familias así como o uso efectivo da Aula Virtual. Pra elo empregará os recursos formativos que posúe no centro ou solicitará apoios (Asesoría Abalar, Rede de Formación en Centros).
- O profesorado de cada área, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática así como a Aula Virtual.
- O titor/a de cada grupo de alumnado proporcionarlle información aos pais/nais ou titores legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. Esa comunicación realizarase preferentemente de xeito telemático. A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo: www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais.

Saídas do recinto escolar

O Consello Escolar regula o procedemento de autorización para as saídas voluntarias



entre clases ou en períodos de lecer do alumnado.

O centro posúe un sistema interno de control desas autorizacións a través do documento de matrícula. Esta autorización está limitada ao alumnado que cursa ensinanzas non obrigatorias.

As condutas contrarias á convivencia que se poidan producir no tempo que o alumnado pase fóra do centro rexeranse polo establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Aspectos específicos segundo Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /E-Dixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para esta labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Recollida por parte dos titores/as do formulario de detección de necesidades de conectividade e/ou equipamento dixital.

A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a. O mesmo día da corentena ou do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis

perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónica á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir.

A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e. O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

Durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Seguimento das Aulas Virtuais por parte do profesorado con perfil Administrador (Equipo directivo e coordinador TIC), co fin de determinar o alumnado que presenta dificultades de acceso. No caso de E-Dixgal a detección de dificultades corresponderá aos titores.

b) Seguimento da atención educativa do alumnado por parte do equipo COVID, titores e Departamento de Orientación, identificando as circunstancias que motivan que non estea a recibir atención educativa: non dispor de equipamento, non dispor de conectividade, imposibilidade de contactar, falta

de motivación ou interese, causas de carácter emocional, insuficiente competencia dixital.

c) Continuidade do Protocolo de actuación para alumnado desconectado por diversas circunstancias iniciado no curso 2020/21. Obxectivo: prestar especial atención a identificar ao alumnado desconectado por diversas circunstancias, para recuperar e reforzar o vínculo escolar e axudalo a reincorporarse á actividade educativa. Reunións coordinadas por xefatura de estudos, co profesorado titor e Departamento de Orientación analizando cada caso particular co fin de contactar coa familia na procura dunha solución.

d) Desenvolvemento de clases por videoconferencia empregando a plataforma proporcionada pola Consellería (Webex, neste momento).

e) Comunicacions coas familias:

❖ Comunicacions de centro: Espazo Abalar, páxina web e plataforma de videoconferencia.

❖ Comunicacions de profesorado: Espazo Abalar e plataforma de videoconferencia.

f) As Aulas Virtuais e E-Dixgal facilitan ao profesorado informes de seguimento detallado do alumnado.

g) Departamento de Orientación:

❖ Habilitado correo electrónico de contacto para as familias.

❖ Habilitado curso na Aula Virtual do centro.

O Departamento de Orientación, o profesorado de Pedagogía Terapéutica e de reforzo, de ser o caso, contactará directamente coas familias co fin de informar do procedemento a seguir no desenvolvemento das sesións de apoio/reforzo.

h) A páxina web está permanentemente actualizada co fin de facilitar a comunicación coa comunidade educativa
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso>

Na páxina web está dispoñible o correo electrónico e os teléfonos de contacto co centro.

3.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.